

CIRCULAR 173-2025.**TROFEO ABANCA 2025 PISTA CURTA**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 21 de Decembro en Expourense (Ourense), o Trofeo Abanca de pista curta por equipos para as categorías Sub 10, Sub 12 e Sub 14.

Art.2).- Poderán intervir os 8 clubs masculinos e femininos de cada categoría con mellor estadillo de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións previstas no art. 3.

- A presentación de estadillos realizarase remitindo a direcciontecnic@atletismo.gal o documento "**Confección dos Estadillos**" publicado na web da FGA ([pode acceder premendo aquí](#)) e indicando, en todo caso, nome e apelidos do atleta, marca, lugar e data de realización.
 - o O prazo de presentación rematará ás 20:00h do luns 8 de decembro.
 - o O prazo de reclamacións e renuncias rematará ás 14:00h do xoves 11 de decembro.
- As táboas de puntuación mesturan táboas da World Athletics, da RFEA e da propia FGA, elaboradas para esta competición.
- En caso de empate na puntuación final, resolverase en favor do club que teña maior puntuación en calquera das probas que o conforman; de persistir o empate, en favor do que presente a segunda mellor puntuación, e así sucesivamente.
- As probas a presentar no estadillo son as seguintes:

Sub 10					
50	500 (ou 400)	1000	Altura	Lonxitude	Peso 1 kg

Sub 12					
60	500	1000	Altura	Lonxitude	Peso 2 kg

Sub 14									
60 (ou 80)	500	1000	2000 (ou 3000)	60 v (ou 80v)	Altura	Pértiga	Lonxitude	Triplo	Peso 3 kg

Serán válidas as marcas realizadas na tempada actual por atletas con licenza en vigor polo club participante ou asociados a este.

Art.3).- Poderán participar atletas Sub 10, Sub 12 e Sub 14 pertencentes aos clubs clasificados e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta poderá participar nunha proba individual e na remuda.
- Número máximo de participacións de clubs asociados por equipo:

Sub 10 e Sub 12	1
Sub 14	2

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún club nin atleta fora de concurso.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 15 de decembro.

- Os equipos Sub 10 e Sub 12 deberán realizar a inscrición en todas as probas, permitíndose unha proba valeira na categoría Sub 14.
- Non serán admitidos aqueles equipos que non cumpran co indicado.
- A composición e orde das remudas deberá confirmarse en secretaría de competición.

Art.5).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 3 trocos na categoría Sub 14 e de 2 trocos nas categorías Sub 10 e Sub 12, ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados na proba de remudas non se contabilizarán.

Art.6).- Sorteo de estaxes e orde de actuación.

- Realizarase un sorteo aleatorio en cada unha das probas.
- Nas remudas participarán na final A os 4 equipos que se atopen mellor clasificados ás seguintes horas, correndo os restantes na final B:

Sub 12	12:00	Sub 10	13:00	Sub 14	18:45
--------	-------	--------	-------	--------	-------

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.8).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

Art.9).- Distancias das táboas de batida, en metros:

Triplo	Sub 14	6 e 8
Lonxitude	Sub 10 e Sub 12	1
Lonxitude	Sub 14	2

Art.10).- Nos saltos verticais non se realizará desempate polo primeiro posto.

Art.11).- Cadencias e número de intentos nos saltos verticais.


Pértega**	-20*	1.80 - 1.95 - 2.10 - 2.25	+10 cm
Altura Sub 10 Mulleres e Homes	-10*	0.80 - 0.86 - 0.92 - 0.98	+3 cm
Altura Sub 12 Mulleres e Homes	-10*	1.00 - 1.08 - 1.14 - 1.19 - 1.23	+3 cm
Altura Sub 14 Mulleres e Homes	-10*	1.15 - 1.23 - 1.29 - 1.34 - 1.38	+3 cm

* Comezase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación.

** Na pértega, aínda que o permiten os saltómetros, non se comezará por debaixo de 1.40

Art.12).- Probas de remudas:

- **Sub 12 e Sub 14 → 4x1 volta**
 - o Collerase estaxe libre despois da primeira curva.
- **Sub 10 → 4x50m na recta central**
 - o Cada equipo disporá de dúas estaxes, correndo sempre pola da dereita (en sentido antihorario).
 - o As zonas de transferencia estarán sinaladas con dous conos azuis e terán 10 metros de lonxitude, tendo que iniciarse a carreira dentro da mesma.
 - o Cada atleta, antes de realizar a transferencia, debe rodear o cono laranxa por fora, que estará situado a 3 metros do inicio da zona de transferencia.
 - o Os atletas da terceira e cuarta quenda, situaranse por detrás das liñas vermellas sinaladas na imaxe, adoptando a posición de recepción cando consideren oportuno.
 - o Unha vez realizada a transferencia, os atletas que entregaron o testemuño situaranse por detrás das liñas vermellas sinaladas na imaxe.
 - o No caso de que algún atleta derribe o cono laranxa, deberá ser recolocado polo atleta infractor antes de entregar o testemuño ao seguinte compañeiro.
 - o Permitirase o desprazamento dun cono laranxa unha soa vez, debendo ser recolocado polo seguinte receptor nesa zona, de ser o caso, antes de que volvan a rodealo.



As cores dos conos teñen carácter explicativo e poden non coincidir coa realidade.

Art.13).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peché da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Valos e remudas	7'
Pértega	35'
Concursos "mixtos"	25'
Concursos restantes	15'

Art.14).- Horario:

TROFEO ABANCA – SUB 10 E SUB 12				
HORA	CARREIRAS	ALTURA	LONXITUDE	PESO
10:30		Sub 12 F-M	Sub 12 Fem	Sub 12 Masc
10:40	50 Sub 10 Fem			
10:48	50 Sub 10 Masc			
10:56	60 Sub 12 Fem			
11:04	60 Sub 12 Masc			
11:12	500 Sub 10 Fem			
11:15			Sub 12 Masc	Sub 12 Fem
11:20	500 Sub 10 Masc			
11:28	500 Sub 12 Fem			
11:36	500 Sub 12 Masc			
11:45	1000 Sub 10 Fem			
11:55	1000 Sub 10 Masc			
12:00			Sub 10 Fem	Sub 10 Masc
12:05	1000 Sub 12 Fem			
12:10		Sub 10 F-M		
12:15	1000 Sub 12 Masc			
12:40	4x1 volta Sub 12 Fem B			
12:45			Sub 10 Masc	Sub 10 Fem
12:52	4x1 volta Sub 12 Fem A			
13:04	4x1 volta Sub 12 Masc B			
13:16	4x1 volta Sub 12 Masc A			
13:40	4x50 Sub 10 Fem B			
13:52	4x50 Sub 10 Fem A			
14:04	4x50 Sub 10 Masc B			
14:16	4x50 Sub 10 Masc A			

TROFEO ABANCA – SUB 14					
HORA	CARREIRAS	ALTURA	PERTEGA	FOSO	PESO
16:30		Altura Fem	Pérttega Masc	Triplo Masc	
17:00					Peso Fem
17:20	60 valos Masc			Triplo Fem	
17:35	60 valos Fem				
17:40		Altura Masc			
17:45	500 Masc				
17:55	500 Fem				Peso Masc
18:05	60 Masc				
18:10				Lonxitude Masc	
18:15	60 Fem		Pérttega Fem		
18:25	1000 Masc				
18:35	1000 Fem				
18:45	2000 Masc				
18:55				Lonxitude Fem	
19:00	2000 Fem				
19:25	4x1 volta Masc B				
19:37	4x1 volta Masc A				
19:49	4x1 volta Fem B				
20:01	4x1 volta Fem A				

Art.15).- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ó seguinte:

1º=N; 2º=N-1; 3º=N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.

En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles equipos que non acaden 6 participaci3ns en categorías Sub 10 e Sub 12 ou 9 participaci3ns en categoría Sub 14, non tomarán parte da clasificaci3n final. En dito caso, non se alterarán as puntuaci3ns obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificaci3n final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

Art.16).- Os/as tres primeiros/as equipos clasificados/as recibirán un trofeo conmemorativo do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premios.

Art.17).- Establécense as seguintes recargas e penalizaci3ns:

- Inscrici3ns fora de prazo: 25 € por equipo. Deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoraci3n.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamaci3ns e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competici3n, terán unha penalizaci3n de 50€ por equipo, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competici3n.

Art.18).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 28 de outubro do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federaci3n Galega de Atletismo